

CURSO: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

NOME DA ACTIVIDADE: A SEÑALIZACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO INGLÉS

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Realizar o Camiño de Santiago Inglés de forma simulada a través da kilometrada das clases de Educación Física e coñecer a simboloxía presente na ruta, comprobando e mellorando a sinalización nos tramos necesarios.

OBXECTIVOS:

- Coñecer a historia do Camiño de Santiago Inglés.
- Interpretar mapas, sinalizacións e símbolos do Camiño Inglés.
- Descubrir a ruta do Camiño Inglés.
- Practicar exercicio físico.
- Resolver problemas sinxelos que se plantean no camiño.
- Aprender os valores dos peregrinos (ser solidarios, respetuosos cos demais, co medio ambiente...)
- Realizar na área de plástica diferentes símbolos do camiño utilizando diversos materiais.

MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO:

- Materiais funxibles: cartolinas, folios de cores, tixeiras, pegamento, rotuladores...
- Bibliográficos: Guía do Camiño de Santiago.
- TIC: Pizarra dixital, vídeos...
- Recursos humanos



AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE:

- Valorar o coñecemento da historia do Camiño de Santiago Inglés.
- Identificar o Camiño Inglés no mapa e coñecer a súa simboloxía e sinalización.
- Valorar o esforzó e o gusto por camiñar e percorrer as etapas do camiño.
- Avaliar o avance nas nocións espacio-temporais, cantidade e número.
- Mellorar o respecto hacia os demais e o medio ambiente.
- Fomentar a cretividade na elaboración dos traballos plásticos.

Para la realización de este proyecto se tendrá en cuenta el carácter interdisciplinar y funcional en todas las áreas.

Baixo o lema “Todos somos camiño” os alumnos de 3º de Educación Primaria experimentaron o pracer de percorrer as diversas sendas de traxecto inglés. Dende a súa saída preto da Igraxa de Santa María, no casco vello da cidade de A Coruña, ata a Catedral de Santiago de Compostela cruzando, de maneira simbólica polos diferentes municipios que conxugan esta ruta de peregrinaxe.

A contextualización do proxecto facilitou o estudo da historia e da interpretación dos sinais do camiño, axudando a comprender a necesidade de establecer unha linguaxe simbólica propia como forma de comunicación do peregrino.

“Todos somos camiño” e “Todos facemos camiño” secundaron a necesidade de reparar e revisar os sinais atopados no itinerario, facendo premisa da solidaridade e o respecto natural do Camiño de Santiago.

Polo tanto, atendendo tanto ao carácter formal como creativo do proxecto, a valoración é positiva. Fomentouse a ledicia por aprender e por descubrir o noso entorno galego.



